



### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CÁRCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO. CENTRO SOCIAL E CULTURAL ANTIGO CÁRCERE – FASE 2. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN ( INICIATIVA URBANA) CO 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL ( PO FEDER GALICIA 2007-2013)**

Sendo as 13:30 horas do día 23 de abril de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Illmo Sr don Luis M. Álvarez Martínez, Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo, en substitución da Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación, actuando como vocais, dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Xosé Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, don Luis A. Casais Fernández, titular da asesoría xurídica, e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Tamén asisten ao acto don Vicente Díaz, en representación de EL CORTE INGLÉS S.L e don Jesús Longarela, en representación de CONSTRUCCIONES SAN JOSÉ S.A.

Abre a sesión o Sr Presidente e procédese por parte do Secretario da Mesa a dar conta aos membros da mesa da documentación incorporada ao expediente de contratación:

- Xustificacións das ofertas económicas consideradas pola mesa de contratación anormais ou desproporcionadas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES GALDIANO S.A, INCOÇ INICIATIVAS PARA LA CONSTRUCCIÓN Y OBRA CIVIL S.L e EL CORTE INGLÉS S.L.
- Informes emitidos polos autores do proxecto técnico e dirección facultativa da obra de referencia CREUS&CARRASCO ARQUITECTOS en relación coas xustificacións presentadas polas empresas anteriormente sinaladas.

En primeiro lugar, a mesa de contratación acorda rexeitar a proposición presentada pola empresa CONSTRUCCIONES GALDIANO S.A ao non presentar xustificación algunha da súa oferta no prazo concedido ao efecto.

Tras o exame por parte dos integrantes da mesa de contratación desta documentación, considérase que os informes emitidos pola dirección facultativa da obra adolecen dunha falta de motivación nalgún aspecto concreto e apreciase, tras a comprobación da documentación aportadas polas empresas, algunha incorrección

## CONTRATACIÓN

MLA

Refª: Acta mesa de contratación lectura informes baixas temerarias

Asunto:


nos mesmos que non permiten a adopción dunha decisión por parte da mesa de contratación debidamente motivada.

Tras un breve debate, a mesa acorda por unanimidade propoñer que se solicite un informe complementario á entidade CREUS&CARRASCO ARQUITECTOS -autores do proxecto e dirección facultativa da obra-, que deberá ser emitido nun prazo de dez días hábiles, no que se analicen mais pormenorizadamente as xustificacións presentadas polas empresas que presentaron ofertas presuntamente anormais ou desproporcionadas e en especial:

- Que se proceda á revisión exhaustiva dos anexos presentados por entender que nestes figuran compromisos asinados con subministradores e subcontratistas con orzamentos desglosados que recollen literalmente as partidas do orzamento do proxecto e coas calidades técnicas do proxecto.
- Que se proceda ao análise do rendementos plantexados por entender que parte da baixa no prezo ofertada é realizada en base á redución destes.


Sen mais que manifestar, dase por rematada a sesión da mesa de contratación ás 13:55 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo: Luis M. Álvarez Martínez

O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz